

BASES REGULADORAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA CRIANZAS Tempada 23/24

Artigo 1. Obxecto de aplicación.

Convocatoria pública pola que se ofertan prazas para as actividades deportivas das Escolas Deportivas Municipais (EDM) para crianzas para a tempada 2023-2024.

As publicacións relativas a esta convocatoria faranse públicas na páxina web do Concello. Poderase obter máis información no teléfono de información 982124002.

Artigo 2. Persoas destinatarias.

Poderán inscribirse as persoas que polo menos teñan cumprido os 4 anos a decembro do 2023.

Artigo 3. Calendario.

As actividades deportivas darán comezo o 16 de outubro do 2023 e rematarán o 16 de xuño do 2024, agás actividades que por cuestións técnicas da propia práctica rematarán antes ou despois do 16 de xuño.

Non se impartirán actividades cando os días de actividade das escolas deportivas coincida en días non laborais por mor das festividadeas declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días. Nin tampouco en períodos de vacacións escolares: Nadal (dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ambos inclusive), Entroido (os días 12,13,14 de febreiro) e Semana Santa (dende o 25 de marzo ata o día 1 de abril, ambos inclusive).

Artigo 4. Actividades deportivas ofertadas.

Impartiranse as actividades de Natación, Kárate, Surf, Fútbol Sala, Atletismo e Patinaxe. Para que unha actividade se imparta deberá cumprir co número mínimo esixido de persoas matriculadas por mes, de non cumprir poderíase suspender a actividade.

Natación (nados entre o 2008 e 2019)

Dende o 16 de outubro ata o 31 de maio do 2024.

1h á semana, clases de 45 min.

Niveis ofertados

- Curso iniciación: 10 prazas para crianzas que precisan material de flotación para desprazarse na auga.
- Curso perfeccionamento: 20 prazas para crianzas que nadan 25 m. sen material de flotación

Instalación: Piscina Municipal de Ribadeo

Mínimo esixible: 12 persoas matriculadas

Patinaxe (nados entre o 2008 e 2019)

1h á semana

Niveis ofertados

- Nivel I: nados entre o 2019 e o 2016.
- Nivel II: nados entre o 2015 e o 2008.

Nota: En función da valoración de nivel que fará a persoa monitora, poderase propor un cambio de nivel.

Instalación: Pavillón do CEIP de San Miguel de Reinante.

Material requirido: patíns de eixo (non en líña). Recoméndanse proteccións.

Mínimo esixible: 5 persoas matriculadas

Atletismo (nados entre o 2011 e 2019)

2h á semana

Instalación: Pavillón Polideportivo de San Cosme e/ou Campo de Fútbol O Cascabeiro.

Mínimo esixible: 5 persoas matriculadas.

Fútbol Sala (nados entre o 2011 e 2019)

2h á semana

Categorías: Biberóns, Prebenxamín, benxamíns, alevíns e infantís

Instalación: Pavillón Polideportivo de San Cosme

Mínimo esixible: 5 persoas matriculadas.

Kárate (nados entre 2017 e 2008)

1h á semana

Instalación: Ximnasio do CEIP San Cosme.

Material requirido: pantalón largo, roupa cómoda e toalla.

Mínimo esixible: 10 persoas matriculadas.

Surf (nados entre 2015 e 2008)

Abril, maio e xuño

1h ou 2h á semana

Instalación: Praia de Coto

Material requirido: bañador e toalla

Mínimo esixible: 7 persoas matriculadas en cada clase.

Artigo 5. Horarios das actividades.

Ofértanse as actividades deportivas no seguinte horario:

Luns	Martes		Mércores		Xoves		Venres	Sábado
								Kárate 11:00 a 12:00
Atletismo 17:00 a 18:00	Patinaxe NI 17:00 a 18:00	Fútbol sala (* 17:00 a 18:00	Atletismo 17:00 a 18:00	Surf 17:00 a 18:30	Fútbol sala 17:00 a 18:00	Surf 17:00 a 18:30	Natación 17:00 a 17:45	
	Patinaxe NII 18:00 a 19:00	Fútbol sala (* 18:00 a 19:00			Fútbol sala 18:00 a 19:00			

(*) FS Horario previsíbel os martes e xoves: 17:00 (nados 2019-2014) – 18:00 (nados 2013-2010)

Artigo 6. Inscripcións.

Para inscribirse deberase achegar o formulario de inscrición debidamente cuberto e asinado, no rexistro presencial do Concello de Barreiros ou pola sede electrónica do Concello de Barreiros, na sede deberase cubrir a instancia xeral e achegar o formulario de inscrición para que teña validez.

O prazo para inscribirse estará aberto dende a publicación destas bases.

No caso de que nalgunha das clases nas que se está inscrito/a non se cubra o mínimo de prazas esixibles para ser ofertada, daráselles a posibilidade de asistir a outra clase ofertada.

Artigo 7. Taxas

- Patinaxe 15 €/ mes
- Natación 15 €/ mes
- Fútbol Sala /Atletismo
 - 1 actividade 20€/ mes
 - 2 actividades 25€/mes
- Kárate20 €/ mes
- Surf:
 - 1 hora á semana 30 €/ mes
 - 2 horas á semana 45 €/ mes

Na EDM Barreiros MENORES aplicarase un desconto do 20% por cada irmá/irmán inscrita/o nas Escolas Deportivas Municipais.

Artigo 8. Formalización de baixas.

Cando unha persoa desexe cursar baixa nalgunha das actividades nas que está inscrita, deberá presentar asúa solicitude de baixa **por escrito no Rexistro do Concello** a través do formulario que alí se lle proporcioneoua travésda Sede Electrónica do Concello. A baixa terá efectos no mes natural seguinte á comunicación da baixa presentada, isto suporá a suspensión dos cargos bancarios correspondentes a partir do mes natural seguinte á data de comunicación.